

CONTEXTO DAS FAMILIAS MONOPARENTAIS NO MARCO AUTONÓMICO GALEGO

Seminario web “Proposta de medidas urgentes
de apoio ás familias monoparentais”

18 setembro 2025

Inmaculada Alonso
Presidenta FAGAMOS



2011

Lei de Apoio á familia e a convivencia de Galicia

- ✓ Recoñece ás monoparentais como **familias de especial consideración**
- ✓ Terán trato preferente nos ámbitos educativo e formativo, vivenda, ocio, tempo libre e cultura, novas tecnoloxías, transporte público e tributario.
- ✓ Menciona o acceso preferente e axudas económicas na educación infantil dos nenos e nenas de 0-3 anos que pertencen a familias monoparentais.

2021

Lei de impulso demográfico de Galicia

- ✓ **Amplía a definición de familia monoparental.**
- ✓ **Creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas** antes do 10/08/2021 que “determinará os requisitos e os medios de acreditación de dita condición”.
- ✓ **Aprobación dun Plan de Apoio ás familias monoparentais** antes do 10/02/2022, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades.

Outras mencións


✓ **Trasversais:**

Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, **en materia de igualdade**, recolle que “a Xunta de Galicia adoptará dentro das súas competencias as medidas conducentes a favorecer, en condicións de igualdade entre mulleres e homes, a inserción social das mulleres en situación de exclusión que estean a cargo de familias monoparentais” (*capítulo VI, artigo 40*).

✓ **Diseminadas:**

De diversa natureza, como consecuencia dalgúns dos beneficios concedidos a causa do recoñecemento das monoparentais coma familias de especial consideración. Algunhas delas:

- adxudicación de prazas nas escolas infantís e casas niño
- concesión de axudas como a Tarxeta Benvida, Bono Concilia Familia
- axudas para a conciliación da vida familiar e laboral
- solicitude de prazas nas residencias de tempo libre
- exclusión mobilidade forzosa (lei emprego público de Galicia)
- procedementos de axuda de acceso á vivenda



Definición

En Galicia, considérase familia monoparental o núcleo familiar formado por unha única persoa proxenitora e os fillos ou fillas ao seu cargo.

É un requisito **non convivir con outra persoa coa que se manteña unha relación análoga á conxugal.**

Ademais, teñen a mesma consideración que o fillo ou filla:

- Persoas tuteladas ou acollidas polo único proxenitor ou proxenitora.
- O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obtivese maior beneficio.

Certificado familia monoparental

Poden acreditarse como familia monoparental os seguintes supostos:

- As persoas que afrontan a maternidade ou paternidade **en solitario.**
- As familias formadas por unha **persoa viúva** e os seus fillos e fillas.
- As familias formadas por un pai ou unha nai que queda a cargo dos fillos ou fillas **sen que haxa custodia compartida.**

VIXENCIA



2 ANOS

Rexistro de familias monoparentais

XULLO 2021

Ábrese unha consulta previa ao Decreto que inicialmente ía regular o rexistro.

Paralizouse ao aparecer o proxecto de Lei de Familias estatal.

MAIO 2025

Anúnciase a creación do rexistro

- ✓ Publícase no portal de transparencia da Xunta o **Proxecto de Orde** pola que se establece e se **habilita na sede electrónica o procedemento de solicitude do certificado de familia monoparental**.
- ✓ A Xunta informa de que con esta nova Orde, **se activa o sistema de rexistro de familias monoparentais de Galicia**.
- ✓ Habílitate un trámite de información pública xeral no portal de transparencia da Xunta **FAGAMOS**, EAPN-Galicia e outras entidades fan as súas achegas.

Rexistro de familias monoparentais

CAMBIOS QUE RECOLLE A NOVA ORDE

- ✓ Haberá un **procedemento específico** para facer o trámite de solicitude do certificado de familia monoparental na sede electrónica da Xunta de Galicia. Deixará de facerse a través do procedemento xenérico PR004A.
- ✓ Non será necesario presentar o certificado nos **trámites con outras administracións públicas**, xa que estas poderán comprobar directamente se unha familia está acreditada como monoparental.
- ✓ O sistema de rexistro permitirá obter datos para a elaboración e difusión de **estadísticas sobre as familias monoparentais galegas**, imprescindibles para poder deseñar accións de apoio.

O QUE **NON** CONTEMPLA O PROXECTO DA ORDE

- ✓ Creación dun **título** de familia monoparental, en formato tarxeta e dixital (no canto dun certificado en formato papel).
- ✓ **Novas vías** para poder probar a condición de familia monoparental e garantir que non queden fóra familias que o son.
- ✓ Ampliación do **prazo de vixencia** da acreditación mentres non cambien as circunstancias familiares, para evitar continuas renovacións.
- ✓ A eliminación da obriga de declarar non manter unha **relación análoga á conxugal**.
- ✓ O establecemento de distintas **categorías** de familia monoparental.

Fogares monoparentais en Galicia


10,38%

dos fogares galegos son
monoparentais

114.506

fogares monoparentais
en Galicia

(últimos datos IGE)



Certificados monoparentalidade emitidos

6.000 en 2024

1.495 en 2021

558 en 2020

- Fonte: declaracións da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (datos non publicados).
- Non dispoñible información desglosada por orixe de monoparentalidade.

Pobreza fogares monoparentais

✓ **Incremento pobreza nos fogares con menores**

dun 24,4 a un 27,1%

✓ **Aumento risco pobreza nas mulleres**

2,5 puntos por riba dos homes, 20,6% fronte 18,1%

(datos INE 2023)

Fogares monoparentais encabezados por mulleres

81,9%

Taxa risco pobreza e exclusión social

50,3%

Taxa AROPE 2024. Persoas residentes en fogares cun adulto e un NNA, fronte o 25,8% do total da poboación.

Manifestan chegar con dificultade a fin de mes

66,3%

O máis alto de todos os tipos de fogar (datos IGE 4º trimestre 2024)

Fogares monoparentais galegos

35.725


en risco de pobreza ou exclusión social. Taxa do 31,2% (datos IGE 2023)

As familias monoparentais son hoxe o paradigma da vulnerabilidade e o risco de exclusión se atendemos ao tipo de fogar.

PRINCIPALES DIFICULTADES

- falta de recoñecemento e protección
- desigualdade de dereitos
- atopar empregos que permitan conciliar
- confluencia de xénero e pobreza (feminización)
- soidade e sobrecarga mental

O nó da monoparentalidade



REPRESENTACIÓN

Autonómica



FAGAMOS é membro da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia (POIG).

Os nenos, nenas e adolescentes de FAGAMOS forman parte do grupo de participación infantil Redeir@s da POIG e contan cun representante no Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia da Xunta de Galicia (CAIA).

Estatat



A Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS) e a Asociación Madres Solteras por Elección (MSPE) forman parte da Federación de Asociaciones de Madres Solteras (FAMS) e da Rede Estatal de Entidades de Familias Monoparentales (REEFM).

GRAZAS

www.fagamos.com

info@fagamos.com

881 563 212 - 633 817 849

